



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/4	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	29 de xaneiro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:04 ata as 20:40 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 22 de xaneiro de 2018

Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 22 de xaneiro de 2018.

### Expediente 396/2018. Solicitud de sinalización semafórica

Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E. F. S. na que demanda grupo semafórico en estrada de Cangas-Bueu, na zona da Madalena.

A Xunta de Goberno Local acorda indicarlle á Sra. F. S., que a citada vía no é de competencia municipal senón da Consellería de Infraestruturas, polo que se acorda remitir a súa solicitude a este organismo por ser competente na materia solicitada.

### Expediente 380/2018. Solicitud de sinalización de zona reservada

Desfavorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. A. M. D., no que demanda sinalización de reservado para uso do servizo de lavado de vehículos, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude, de conformidade co informe emitido o día 24.01.2018 pola Policía Local que indica o seguinte:

*"1.- Que é certo que nas inmediacións do establecemento que rexenta non hai moitas prazas de estacionamento, pero xusto na fronte hai tres prazas con limitación de tempo (máx. 30 minutos).*

*2.- Mencionar que na zona hai 4 negocios máis (lavandería, clínica veterinaria, bar e clínica dental) que tamén teñen movemento continua de clientes, polo que se propón resolver, agás maior criterio en sentido negativo o reservado solicitado".*

### Expediente 354/2018. Solicitud de baixa de sinal de pasaxe permanente

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de A. M. M. S. na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 190, que ten instalado en Outeiro de Balea, nº 9-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se a interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte da interesada se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

#### **Expediente 277/2018. Informe da Policía Local s/sinalización diversa**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 19.01.2018 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"O Departamento de Sinalización da Policía Local de Cangas, por medio do presente informe fai constar:*

*- Que feito un estudo das necesidades de sinalización vertical e horizontal da aldea de Pinténs, este departamento considera que é necesario poñer un sinal de rúa cortada a 300 metros, onde está a baixada do 'bar Buraquiño' e no camiño vello un sinal vertical de limitación de velocidade a 30 km/h.*

*É preciso, tamén a colocación de tres espellos nos seguintes puntos:*

- Camiño do Monte*
- Camiño dos Carballos*
- E Corte das Bouzas.*

*Así mesmo, tamén se precisa un sinal indicativo da praia de Areabrava no cruce do Camiño dos Carballos".*

#### **Expediente 1386/2017. Infracción urbanística nº 39/2016**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar do Palomar-Darbo, consistentes en: realizar a instalación dunha caseta prefabricada.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 31.08.2017 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. G. S., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente sancionador a M. G. S. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

**CUARTO.-** Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da



Concello de Cangas

sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente.

#### Expediente 398/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a J.B.B., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

##### Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: douscentos corenta euros con setenta e sete céntimos (240,77€/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2018.

#### Expediente 400/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a E.C.G.P., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>* Atencións de carácter persoal</li><li>* Atencións de carácter psicosocial</li><li>* Atencións de carácter doméstico</li></ul> <p><u>Custo do servizo total:</u> catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (12'11€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> sesenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (66,84 €/mes).</p> <p>Número de horas: 35 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de febreiro de 2018.</p>	

<b>Expediente 384/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a A.F.A., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>* Atencións de carácter persoal</li><li>* Atencións de carácter psicosocial</li><li>* Atencións de carácter doméstico</li></ul> <p><u>Custo do servizo total:</u> cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco euros (544,95 €) (doce euros con once céntimos 12'11€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> oitenta e oito euros con trinta e tres céntimos (88,33 €/mes).</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2018.

#### **Expediente 405/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a A.C.P., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: seiscentos cincuenta e tres euros con noventa e catro céntimos (653,94 €) (12'11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e dous euros con oitenta e catro céntimos (132,84 €/mes).

Número de horas: 54 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2018.

#### **Expediente 2174/2017. Variacións do Servizo de Axuda no Fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a A.C.M., a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

\* Atencións de carácter psicosocial

\* Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos 12'11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e seis euros con setenta e catro céntimos (126,74 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2018.

#### **Expediente 389/2018. Concesión de axuda de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

##### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Estanislao Graña García, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).*

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais Comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de oitocentos euros (800,00 €).*

#### **Expediente 1361/2017. Aprobación conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción de desenvolvemento dos programas de dinamización da lingua galega-2017 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía:

*"En relación coa subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra polo importe de seis mil oitenta e tres euros con oitenta e catro céntimos (6.083,84 €) para a "Promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, cun orzamento de dez mil catrocentos euros (10.400,00 €).*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Vistas as memorias redactas de desenvolvemento dos programas, os carteis de publicidade nos que consta o anagrama da Deputación Provincial, a certificación da Intervención Municipal na que fai constar que todos os gastos que se xustifican se tomou razón na contabilidade municipal, propoño á Xunta de Goberno Local, o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción de desenvolvemento dos programas de dinamización da lingua galega-2017, polo importe total de dez mil oitocentos trinta e un euros con trinta e cinco céntimos (10.831,35 €), segundo os seguintes conceptos:

<b>Programas e concepto</b>	<b>Proveedor</b>	<b>Nº FACTURA, Data aprobación factura por Resolución de Alcaldía</b>	<b>Importe € Data pagamento factura</b>
Correlingua Traslados varios colexios	Cerqueiro	E18/2017 08/06/2017	1.200,00 14/06/2017
Xornadas Historia Local Organización das xornadas "Cangas 1617". A defensa da vila	Xiria	22/2017 29/12/2017	3.008,00 19/01/2018
Xornadas Historia Local. Libro ponencias o asalto á vila	Rinoceronte	17107 29/12/2017	1.248,00 05/01/2018
Edición libro Hª Cangas: Libro centenario do asalto	Rinoceronte	17104 22/12/2017	2.395,12 27/12/2017
Edición libro Hª Cangas: O saqueo pirata Cartel, díptico	Orisar	425/17 29/12/2017	107,69 05/01/2018
Campaña mocidade recursos e actividades. Revista festas do Cristo, programas de man	Rinoceronte	17099 29/12/2017	2.872,54 05/01/2017

Segundo.- Que de conformidade coa documentación que consta na contabilidade e no expediente, incluída a publicidade do anagrama da Deputación, deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida".

**Expediente 4195/2017.- C-17/12. Proposta da concelleira de Obras e Servizos s/aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o



Concello de Cangas

1º.- Visto o informe de C. G. C., coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras de "Nova capa de rodadura en vieiros municipais", no que indica que a empresa adxudicataria "Movimiento de áridos y construcciones, Arosa SL" (Marconsa), presentou o plan de seguridade e saúde en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25-10-1997) e que o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto: "NOVA CAPA DE RODADURA EN VIEIROS MUNICIPAIS".

#### Expediente 7592/2017. Solicitud de sinalización horizontal e vertical (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Dase conta do informe da xefatura da policía local de 17.01.2018 que dí o seguinte:

*"Que a instancia de D<sup>a</sup>. O. A. A., veciña da Avda. Vigo, nº 36, na que a través de solicitude expón as dificultades para acceder co seu coche á súa vivenda, solicitando perante o Concello de Cangas a colocación dun sinal de pasaxe permanente ou reserva de vía para entrar e saír da súa propiedade co seu coche.*

*Que unha vez no lugar, poden observar que a vivenda carece de garaxe, se ben na parte dianteira desta teñen un terreo a carón da vía pública onde pode estacionar o/os vehículos que posúan.*

*Consideran que non hai inconveniente en que se acceda ao solicitado, debendo colocar o sinal de pasaxe permanente nun lugar ben visible, delimitando o espazo da beirarrúa co pintado do bordo en amarelo".*

Visto o disposto no informe emitido polo delineante municipal en data 25.01.2018 sobre a titularidade do inmovible.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización horizontal e vertical indicada no informe emitido pola da Policía Local.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Dación de conta de sinatura de convenio de adhesión da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2018**

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura, o día 15 de decembro de 2017, de convenio de adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios 2018 entre a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Cangas, en materia de programa de actuacións para o semestre do ano 2018 a desenvolver no Auditorio Municipal de Cangas, polo que o Concello de Cangas se compromete a aboamento das contías estipuladas nas cláusulas do convenio, debendo remitir o presente acordo ao departamento de Intervención para a realización dos pagamentos das correspondentes actuacións.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850